

ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN DO GALEGO

6.1. Ámbitos de adquisición do galego no total de Galicia.

Desde un punto de vista sociolingüístico e cara á aplicación dun programa de planificación lingüística, as canles de transmisión interxeracional dunha lingua son un importante indicio da vitalidade da mesma e do seu estatus dentro da comunidade. Para descubrir cales son os principais ámbitos de aprendizaxe¹ e transmisión oral do galego introducimos unha pregunta pechada no cuestionario na que incluimos aqueles medios que puideron ter un papel relevante en Galicia:

- | | | |
|------------|------------|-------------|
| 1. Familia | 3. Amigos | 5. Traballo |
| 2. Escola | 4. Veciños | 6. Outros |


¹ Neste capítulo utilizarémo-lo termo **aprendizaxe** nos casos en que se precisou un esforzo consciente por parte dos individuos antes de chegar a fala-lo galego, reservando **adquisición** para cando esta habilidade xorde espontaneamente. Se a capacidade para falar unha lingua se desenvolve durante a infancia porque esta está presente no ambiente vital do individuo (familia, amigos, veciños, etc.) ten lugar un proceso de adquisición. Sen embargo, cando un falante tivo que recorrer ó sistema escolar para dominar nalgunha medida esta lingua, o que se estivo producindo foi unha aprendizaxe.

Como as categorías de 'amigos', 'veciños' e 'traballo' non son necesariamente excluíntes, posto que moi a miúdo os amigos son simultaneamente veciños ou compañeiros de traballo, para esta análise decidimos reduci-los medios de adquisición do galego basicamente a tres: 'a familia', 'a escola' e 'outros', dentro dos que incluímos 'amigos', 'veciños', 'traballo' e medios de adquisición non especificados, o cal simplifica considerablemente a información e facilita a súa interpretación².

Como visión xeral, e sen considera-los varios factores que poden incidir na tendencia de resposta, podemos dicir que a familia constitúe o principal medio de adquisición do galego. No gráfico 6.1 reflíctese como máis das tres cuartas partes da poboación aprendeu o galego neste ámbito, mentres que a escola e outros medios desempeñan un papel moi pouco significativo.

Gráfico 6.1

Ámbitos do adquisición do galego en Galicia




² A distribución das respostas nas categorías distintas da familia e a escola, por outra parte, non responde a tendencias debidas ó transfondo social ou lingüístico do entrevistado, senón que parece obedecer a factores coma o azar ou a causas individuais que non poden ser controladas.

Hai que ter en conta, sen embargo, que cita-los ámbitos de adquisición do galego prescindindo do transfondo sociolingüístico dos entrevistados pode falsea-la visión da realidade nalgunha medida. Os ámbitos de adquisición do galego están determinados en grande medida pola lingua inicial no caso dos que aprenderon a falar en galego ou en galego e castelán simultaneamente. Nestes dous grupos lingüísticos a información sobre onde adquiriron o galego será redundante, pois as linguas maternas adquirense no interior da familia ou grupo social que desempeña as súas funcións. En efecto, no gráfico 6.2 podemos comprobar como o 99,9% dos entrevistados que recibiron o galego como lingua materna e o 93,5% dos bilingües, afirman que o adquiriron no seo familiar.

Gráfico 6.2

Ámbitos do adquisición do galego segundo a lingua inicial en Galicia



Os ámbitos extrafamiliares constitúen unha importante dimensión nos entrevistados que tiveron o castelán como lingua inicial. Tales medios terán diferente importancia segundo a implantación do galego nos diferentes grupos de socialización. Se partimos da hipótese de que o galego está moito máis presente como lingua cotiá nas clases baixas ca nas altas, nos asentamentos rurais ca nos urbanos e nos individuos maiores ca nos novos, podemos esperar que a familia funcione como o principal núcleo transmisor desta lingua nas clases baixas, nos asentamentos rurais e nos individuos de máis idade, mentres outros factores como o traballo, os amigos e veciños, etc., primen en tódolos demais. No grupo de 16 a 25 anos, por outra parte, hai que prever que a escola exerce un papel importante neste sentido, posto que estes individuos recibiron as asignaturas de lingua e literatura galegas na E.X.B. e, os que seguiron estudiando, no bacharelato.

No gráfico 6.2 vemos que a familia tamén é o medio máis importante para a adquisición do galego no caso dos castelanfalantes iniciais (40.2%), á que seguen en importancia a suma doutras canles coma os amigos, veciños, traballo, etc. (38.3%). Isto deixa entrever un fenómeno sociolingüístico moi frecuente en Galicia, como é o feito de que aínda que haxa individuos monolingües, moi poucas familias o son. Por outra parte, nesta comunidade son menos os falantes que se manteñen completamente monolingües ó longo das súas vidas cós que cambian e alternan de código para adaptárense á situación comunicativa. O abandono do galego como primeira lingua de pais a fillos non se produce mediante corte brusco, senón que se fai de forma gradual, a través do bilingüismo con predominio do castelán, polo que non leva consigo a súa completa desaparición do ámbito familiar. Por unha parte, esta lingua está presente nos hábitos lingüísticos dos seus ascendentes (pais con avós, avós entre si, avós co entrevistado, etc.) e, pola outra, os usos lingüísticos destes co entrevistado poden alterarse no transcurso da vida do mesmo. Seleccionando os suxeitos que teñen o castelán como lingua inicial, pero adquiriron o galego na familia, comprobamos que, efectivamente, esta lingua mostra unha presenza constante nas interaccións entre os seus ascendentes e que incluso nos intercambios co propio entrevistado se utiliza o galego en maior ou menor medida. Só un 37.1% dos pais utiliza exclusivamente o castelán para dirixirse ó entrevistado, pero deles o 26.9% utiliza só ou principalmente galego para falar entre si e o 65.7% só

ou principalmente galego para falar cos avós dos entrevistados; destes últimos, máis da metade teñen como lingua habitual só galego ou máis galego ca castelán. De entre os pais dos monolingües iniciais en castelán que aprenderon o galego na familia, un 40.9% usa única ou preferiblemente galego para falar cos entrevistados, un 59.8% das parellas utiliza unicamente o galego para falar entre si e un 79.9% utilízano nas interaccións cos avós do entrevistado. Destes últimos, máis do 70% teñen o galego como lingua habitual. Vemos, polo tanto, que na actualidade a presenza do galego no contorno familiar dos castelanfalantes iniciais é considerable e que o grao de desgaleguización é diferente non só entre distintas familias, senón tamén entre os membros de distintas xeracións. Non se pode nega-lo feito de que a diminución da súa frecuencia de uso de avós a pais e de pais a fillos resulta prexudicial para a súa vitalidade.


O gráfico 6.2 reflicte, así mesmo, como un 21.4% dos castelanfalantes iniciais di que aprendeu o galego na escola. Este medio supón un cambio cualitativo na adquisición lingüística, posto que implica un esforzo, unha aprendizaxe consciente e formal que non aparece normalmente cando a lingua se adquire de forma espontánea a través das relacións persoais dun individuo e a idades temperás. Por outra parte, estes suxeitos aparecen entre os castelanfalantes iniciais de 16 a 25 anos, grupo de idade que en maior medida recibiu ensino obrigatorio e xeneralizado de lingua e literatura galegas.

Nas páxinas que seguen comentaremos-la incidencia que distintas variables independentes mostran no ámbito de adquisición do galego, centrándonos no grupo dos monolingües iniciais en castelán.

Seleccionando este grupo lingüístico e observando posteriormente os ámbitos de adquisición do galego nos distintos grupos de idade, obtemos un 51.6% de entrevistados de 16 a 25 anos que din que aprenderon o galego na escola, mentres só un 36.7% dos mesmos o adquiriu a través da familia. Nos demais grupos de idade, como era esperable, a escola tivo pouco que ver coa adquisición do galego, sendo a conxunción de amigos, veciños, traballo, etc., a principal canle de transmisión lingüística, acadando en conxunto entre o 48.7% e o 58.8% segundo os grupos de idade.

Gráfico 6.3

Ámbitos do adquisición do galego segundo a idade en Galicia (monolingües iniciais en castelán)



Nos individuos que recibiron ensino do galego durante a súa formación académica, os ámbitos de adquisición varían consonte o seu nivel de estudos³. Hai que notar que, aínda que non existen diferenzas importantes na porcentaxe dos que adquiriron o galego na familia (obsérvase o cadro 6.1 referido ós menores de 25 anos), si se aprecia un relativo aumento da importancia do sistema escolar segundo aumenta o nivel de estudos: vemos que dun 45% de suxeitos con só estudos primarios que din que aprenderon o galego neste ámbito pasamos a un 53% e un 54,8% no caso dos que teñen estudos medios ou superiores respectivamente.

³ Como os oito graos orixinais de estudos provocaban a existencia de numerosas celdas con frecuencias esperadas menores de 5 ó aplica-lo X^2 , feito que pode producir que as diferenzas realmente debidas ó azar se interpreten como significativas, dediciuse reducir eses oito valores a catro: os primarios incompletos e completos xuntáronse dentro de primarios, os de F.P. e B.U.P en medios e os de carreira media e carreira superior dentro de universitarios. Os que tiñan outros estudos non se tiveron en conta. Os que non realizaron ningún tipo de estudio, por outra parte, quedaron como estaban.

Cadro 6.1. Ámbitos de adquisición do galego nos castelanfalantes iniciais de 16 a 25 anos segundo o seu nivel de estudos

	Primarios	Secundarios	Universitarios
Familia	38,4%	37,0%	34,9%
Escola	45,0%	53,0%	54,8%
Outros	16,6%	10,1%	10,3%

Se comparámo-los datos anteriores con aqueles que nos ofrecen os suxeitos do grupo de idade inmediatamente superior (26 a 40) observamos que, en primeiro lugar, dentro deste xa existen casos de suxeitos que non teñen ningún estudio (0,2% en total). En segundo lugar, contrastando os individuos con só estudos primarios dos dous grupos de idade, a familia ten máis importancia nos máis vellos (dun 49,1% de suxeitos que o adquiriron por esta vía no grupo de 26 a 40 anos descende ata o 38,4% no grupo de 16 a 25 anos), diferenzas que van desaparecendo a medida que o nivel de estudos vai aumentando. A importancia que tiña a escola nos de 16 a 25 anos desprázase agora a outros medios, especialmente no caso dos que teñen algún título universitario.


Cadro 6.2. Ámbitos de adquisición do galego nos castelanfalantes iniciais de 26 a 40 anos segundo o seu nivel de estudos

	Ningún	Primarios	Secundarios	Universitarios
Familia	68,0%	49,1%	42,8%	35,3%
Escola	0,0%	5,5%	11,6%	11,2%
Outros	32,0%	45,4%	45,6%	53,5%

No gráfico 6.4. obsérvase un descenso gradual da importancia do ámbito familiar a medida que aumenta o nivel socioeconómico dos castelanfalantes iniciais, cun descenso entre os dous grupos socioeconómicos extremos de 18,2 puntos. Paralelo a este descenso da importancia do ámbito familiar, prodúcese un aumento da importancia dos outros medios, especialmente na clase alta, na que un 47,3% dos individuos elixe esta opción de resposta. Polo tanto, mentres nos dous niveis socioeconómicos máis baixos a familia é a principal canle de adquisición do galego, na clase media-alta son máis relevantes os amigos, veciños, traballo ou outros medios.

Gráfico 6.4

Ámbitos do adquisición do galego segundo a clase social en Galicia (monolingües iniciais en castelán)



Polo que respecta ó hábitat de nacemento, tal como mostra o gráfico 6.5, case a totalidade de individuos nados no rural adquiriron o galego na familia (95.8%), porcentaxe que descende a medida que aumentan as características urbanas do mesmo, de modo que entre o rural e o urbano hai 32.3 puntos de diferenza. Como a presenza do galego no ámbito rural é bastante máis alta ca nas cidades, é lóxico que sexa nestas últimas onde a aprendizaxe a través da escola teña as porcentaxes máis altas (15.5%), xa que constitúen núcleos onde o castelán avanza progresivamente como primeira lingua. As porcentaxes dos que aprenderon o galego na escola descende nas vilas e no rural respecto das cidades, non existindo a penas diferenzas entre estes dous.


Cadro 6.3. Ámbitos de adquisición do galego segundo o hábitat de nacemento nos castelánfalantes iniciais

	Urbano	Vilas	Rural	Fóra Galicia
Familia	63,5%	79,8%	95,8%	49,3%
Escola	15,5%	6,9%	1,2%	12,2%
Outros	21,0%	13,4%	3,0%	38,2%

Pero quizais o máis salientable en relación co hábitat sexa que a pesar de que a familia perde importancia no caso dos nados fóra de Galicia, un 49.3% dos mesmos aprendeu nela o galego (véxase o gráfico 6.5). Isto significa que o galego seguiu funcionando como lingua de comunicación no fogar pese a atopárense no interior dunha comunidade lingüística distinta, especialmente nas xeracións anteriores á do entrevistado: máis do 55.7% dos pais utilizaban exclusivamente esta lingua para falar con eles e máis dun 80% para falar cos avós.

Gráfico 6.5

Adquisición do galego na familia segundo o hábitat de nacemento en Galicia (monolingües iniciais en castelán)



6.2. Ámbitos de adquisición do galego por sectores.

Se temos en conta a diferenciación sectorial na adquisición do galego, veremos que, excepto na Coruña e Pontevedra, os medios diferentes da familia a penas teñen transcendencia. Nos mapas 10, 11 e 12 podemos ver as porcentaxes de individuos que adquiriron o galego na familia, na escola e noutros ámbitos respectivamente. No mapa 10, comprobamos que en 14 dos 34 sectores a porcentaxe de individuos que adquiriron o galego no ámbito familiar oscila entre o 90% e o 99.9%. As porcentaxes de entrevistados que aprenderon o galego na escola varían

entre o 0.1% e o 14.9%, sendo no sudoeste da provincia de Pontevedra onde se presentan as porcentaxes máis altas (véxase o mapa 11), en tanto que nas provincias de Lugo e Ourense só hai un sector onde a porcentaxe de entrevistados que aprenderon o galego na escola é superior ó 5%. Para finalizar, no mapa 12 vemos que en 25 dos 34 sectores as porcentaxes de suxeitos que adquiriron o galego noutros ámbitos diferentes da familia e da escola non supera o 9.9%, mentres en 9 dos mesmos, principalmente localizados nas provincias da Coruña e Pontevedra, están comprendidas entre o 10% e o 24.9%.


Polo que respecta ós sectores comentados neste traballo, nas táboas 6.2 a 6.6 vemos que en Santiago e Lugo-2 o 80.1% e o 85.9% respectivamente adquiriron o galego no medio familiar, porcentaxes que superan o 90% no caso de Lugo-5 e Ourense-4.

Observando a lingua inicial, estas porcentaxes descenden ostensiblemente no caso dos castelanfalantes. A importancia da familia para adquiri-lo galego neste grupo lingüístico varía segundo o sector, pero dentro dunhas marxes moi estreitas, de modo que as máis grandes diferencias están entre A Coruña e Ourense-4, cun 33.4% e un 54.5% respectivamente. A diversidade de respostas entre sectores non parece deberse, por outra parte, ó grao de urbanización. dos mesmos⁴.

⁴ No gráfico 6.7 vemos que unha cidade coma Pontevedra e un sector formado por vilas coma Lugo-2 teñen practicamente o mesmo número de castelanfalantes iniciais que adquiriron o galego na familia; o mesmo ocorre con Santiago e o sector rural Lugo-5.

Gráfico 6.6

Ámbitos en que adquiriron o galego os castelanfalantes iniciais por sectores



A porcentaxe de entrevistados monolingües iniciais en castelán que aprenderon o galego noutros ámbitos tamén é semellante en tódolos sectores, e as pequenas diferencias que existen entre eles tampouco son debidas ó grao de urbanización do sector en cuestión, xa que, por unha parte, temos A Coruña, Lugo-2 e Lugo-5 con porcentaxes moi parecidas, e pola outra a Pontevedra e Santiago. O sector no que descende apreciablemente o número de castelanfalantes iniciais que adquiriron o galego fóra da familia ou da escola é Ourense-4 (27.8%). A familia é, polo tanto, un medio de adquisición do galego máis importante que cada un dos demais medios tomados illadamente. Sen embargo se sumámo-las porcentaxes dos monolingües iniciais en castelán que adquiriron o galego a través doutros ámbitos, temos que na Coruña, Pontevedra e Lugo-2 hai máis individuos que adquiriron esta lingua fóra da familia ca dentro. Neste sentido cómpre salientar que en Lugo-5 e Ourense-4, sectores formados por concellos de economía basicamente agraria e onde o galego está máis estendido ca nas cidades ou nas grandes vilas, un 41,2% e un 27,8% respectivamente afirman que o adquiriron fóra da familia e da escola. Buscando unha razón que explicase esta alta porcentaxe de respostas, puidemos comprobar que se trata de individuos nados fóra de Galicia en

grande parte, concretamente un 41.1% dos mesmos no caso de Lugo-5 e o 71.4% no caso de Ourense-4.

Cómpre ter en conta que ó cruzámo-los ámbitos de adquisición do galego dos castelanfalantes iniciais con variables independentes como a idade, a clase social, o nivel de estudos ou o hábitat de nacemento, en tódolos sectores, excepto na Coruña e Pontevedra, aparece un número considerable de celdas cunha frecuencia observada menor de cinco. Para non darmos por representativas de toda a poboación relacións que non o son debido ó baixo número de suxeitos que aparecen nalgunhas celdas, absterémonos de facer comentarios destes sectores e remitirémonos de aquí en diante á Coruña e Pontevedra.


Polo que respecta á idade, esta funciona como un factor diferenciador dentro dos castelanfalantes iniciais, sobre todo entre os grupos de idade extremos. Na Coruña dáse unha marcada diferenza entre os castelanfalantes iniciais dos dous grupos de idade máis novos e os dous máis vellos, sendo nestes últimos nos que a familia adquire máis importancia para a adquisición do galego: fronte a algo máis dun 40% de entrevistados destes dous grupos de idade que adquiriron o galego na familia, temos un 30.6% no grupo de 26 a 40 anos, porcentaxe que descende ata o 24.3% no caso dos máis novos. En Pontevedra, sen embargo, non se dá o esperable incremento nos individuos de maior idade das porcentaxes de adquisición do galego na familia⁵. Por outra parte, son os máis novos e os máis vellos os que en menor medida adquiriron o galego dentro da familia. Procurando atopar unha explicación para tal feito, descubrimos que o 60% destes individuos nacen no urbano e o 30% fóra de Galicia, feito que axuda a comprender as altas porcentaxes de entrevistados que aprenderon o galego fóra da familia neste grupo de idade.

Como se aprecia no gráfico 6.7, a importancia que adquire a escola para a aprendizaxe do galego nos mozos castelanfalantes iniciais de 16 a 25 anos residentes na Coruña ou en Pontevedra é enorme, ata tal punto que máis do 60% dos mesmos adquirírono dentro dela.

⁵ *Esperable* se consideramos que a perda do galego como lingua inicial é maior canto máis novos son os entrevistados. Por iso podemos supor que o ambiente familiar dos monolingües iniciais en castelán maiores de 65 anos estaría moito máis galeguizado no momento en que adquiriron o galego có dos de 26 a 40 anos, por exemplo.

Gráfico 6.7

Castelanfalantes iniciais de 16-25 anos que adquiriron o galego na familia e na escola (A Coruña e Pontevedra)




Na cidade da Coruña existen considerables diferencias nos ámbitos de adquisición do galego dos castelanfalantes iniciais segundo a clase social dos mesmos⁶, sendo os da clase baixa e media-baixa os que en maior medida adquiriron o galego no seo familiar (46.4% e 44.3%). Véxase no gráfico 6.8 como as porcentaxes anteriores redúcense considerablemente nas clases media e media-alta ata un 30.7% e un 22.9% respectivamente. Nestes dous grupos socioeconómicos a escola ten un papel máis importante para a aprendizaxe ca nas clases máis baixas, pero é nos outros ámbitos onde a maior parte dos entrevistados deste grupo lingüístico adquiriron o galego. A súa importancia, ó contrario do que sucedía coa familia, aumenta no mesmo sentido que o fai a clase social, de modo que dun 35.7% de individuos da clase baixa que adquiriron o galego a través dos amigos, veciños, traballo ou outros, pasamos a un

⁶ Pontevedra, sen embargo, non presenta relación estatisticamente significativa entre ámbitos de aprendizaxe do galego e clase social, polo que prescindimos de facer comentarios sobre a mesma.

43.3% na clase media e a un 51.8% na media-alta. Pese a que todos estes individuos son castelanfalantes iniciais vemos, sen embargo, que os que pertencen a estratos socioeconómicos baixos non teñen necesidade de saír fóra da familia para aprender a fala-lo galego.

Gráfico 6.8

Ámbitos de adquisición do galego na Coruña segundo a clase social (monolingües iniciais en castelán)



Para finalizar, cómpre ter en conta como incide o hábitat de nacemento dos castelanfalantes, hoxe en día residentes na Coruña ou Pontevedra, na forma en que aprenderon a fala-lo galego. Nas dúas cidades as porcentaxes máis altas de adquisición no medio familiar téñenas os nados no rural (un 65.2% na Coruña e un 56.3% en Pontevedra), seguidos dos nados nas vilas e finalmente no urbano. Sen embargo, en Pontevedra as diferencias entre estes dous últimos grupos non son significativas (menos dun punto), mentres na Coruña hai un descenso de 9.1 puntos das vilas ás cidades. En ámbolos dous sectores hai un número considerable de suxeitos nados no urbano que aprenderon o galego na escola, constituíndo o 28.7% do total de castelanfalantes en Pontevedra e o 27% na Coruña (trátase de mozos de 16 a 25 anos). O sistema escolar tamén foi importante na Coruña para os emigrantes (21%),

pero non así en Pontevedra, onde só un 12.3% de persoas nadas fóra de Galicia aprenderon o galego na escola. A Coruña, pois, parece que sufriu máis movementos de poboación xove ca Pontevedra (se temos en conta o total de individuos que aprenderon o galego na escola na primeira cidade, vemos que un 12.5% dos mesmos naceron fóra de Galicia, mentres en Pontevedra só supoñen un 6.4% do total de residentes nesta cidade). Non obstante, foi principalmente a través doutras canles distintas da escola e da familia como os fillos de emigrantes adquiriron o galego. Na Coruña estas representan o 54.3% e en Pontevedra o 61.4%. Estas porcentaxes tamén son importantes no caso dos nados en cidades e en vilas, aínda que, dada a relevancia que ten o sistema escolar nas cidades para aprender a falar galego, os demais medios amosan nelas menos incidencia ca nas vilas. Ó contrario, nos nados no rural aparecen as porcentaxes máis baixas de suxeitos que adquiriron o galego fóra da escola e da familia.

Cadro 6.4. Ámbitos de adquisición do galego segundo o hábitat de nacemento na Coruña e Pontevedra (monolingües iniciais en castelán)

	Urbano	Vilas	Rural	Fóra de Galicia
A Coruña				
Familia	30,9%	41,0%	65,2%	24,7%
Escola	27,0%	5,1%	8,9%	21,0%
Outros	42,1%	53,8%	26,1%	54,3%
Pontevedra				
Familia	37,5%	38,2%	56,3%	12,3%
Escola	28,7%	8,8%	18,8%	12,3%
Outros	33,8%	52,9%	25,0%	61,4%

6.3. Síntese.

Das análises realizadas en páxinas anteriores podemos extraer varias conclusións. Cabe salientar que, tendo en conta a totalidade de castelanfalantes iniciais, o medio máis importante para a adquisición do galego na actualidade é a familia. Estase dando, sen embargo, un proceso de desgaleguización que consiste na perda gradual desta lingua no ámbito familiar e que adquire maior ou menor transcendencia cando se introducen factores de variación como a idade, a clase social, o hábitat de nacemento e, dentro dos individuos de 16 a 25 anos, os estudos. Verbo

deste feito, os resultados dos cruzamentos establecidos confirman as nosas hipóteses iniciais sobre a perda da importancia do ámbito familiar na transmisión do galego canto máis novos son os individuos, máis alta é a súa clase social e máis urbanizado o seu lugar de nacemento. O sistema escolar convértese na canle alternativa de transmisión do galego para este sector da poboación, pero dentro destes aprécianse, obviamente, diferencias segundo o nivel de estudos dos mesmos, de xeito que os suxeitos con estudos secundarios e universitarios o aprenden na escola en maior medida cós que só teñen estudos primarios, grupo para o que aumenta a importancia doutros medios.

Outro aspecto de importancia é que o galego seguiu sendo un instrumento de comunicación importante a nivel familiar na emigración, como parecen indicar as porcentaxes relativamente altas de fillos de emigrantes nados fóra de Galicia que o adquiriron neste ámbito.

Táboa 6.1. Ámbitos de aprendizaxe do galego. Galicia

	¿como aprendeu o galego?					
	familia	escola	amigos	veciños	traballo	outros
TOTAL GALICIA	84,5%	5,5%	3,8%	3,0%	1,2%	2,0%
LINGUA INICIAL						
galego	99,9%	,0%	,0%	,0%		,1%
castelán	40,2%	21,4%	14,5%	11,2%	4,7%	7,9%
as dúas	93,5%	2,6%	1,6%	1,4%	,2%	,6%
outras	43,0%	12,4%	12,4%	20,7%	9,3%	2,2%
IDADE						
16 a 25 anos	70,9%	23,6%	3,1%	1,3%	,4%	,7%
26 a 40 anos	80,7%	3,2%	6,4%	3,9%	2,1%	3,8%
41 a 65 anos	89,9%	,2%	3,3%	3,3%	1,3%	2,0%
máis de 65 anos	93,5%	,1%	1,7%	3,1%	,6%	1,0%
CLASE SOCIAL						
baixa	93,0%	2,1%	1,9%	1,6%	,4%	1,0%
media-baixa	90,1%	3,3%	2,4%	2,4%	,7%	1,2%
media	79,2%	7,9%	5,1%	3,7%	1,6%	2,6%
media-alta	60,0%	12,4%	10,0%	5,0%	4,9%	7,7%
HÁBITAT DE RESIDENCIA						
urbano	66,3%	12,0%	8,0%	4,8%	3,0%	5,9%
periurbano	85,1%	6,6%	2,9%	3,4%	,8%	1,1%
vilas	81,4%	6,6%	5,1%	3,9%	1,2%	1,8%
rural-1	87,5%	4,0%	3,0%	3,4%	1,2%	1,0%
rural-2	95,0%	1,8%	1,2%	1,5%	,2%	,3%

Táboa 6.2. Ámbitos de aprendizaxe do galego. A Coruña

	¿como aprendeu o galego?						N
	familia	escola	amigos	veciño	trabajo	outros	
TOTAL SECTOR	64,1%	12,8%	10,4%	3,9%	2,9%	5,9%	1116
LINGUA INICIAL							
galego	99,8%					,2%	408
castelán	33,4%	23,3%	19,7%	7,4%	5,3%	11,0%	584
as dúas	94,2%	3,3%	,8%	,8%		,8%	120
outras		75,0%			25,0%		4
IDADE							
16 a 25 anos	41,9%	51,7%	4,7%	,4%	,4%	,9%	234
26 a 40 anos	59,2%	7,2%	14,8%	3,6%	3,6%	11,5%	304
41 a 65 anos	72,6%		11,7%	5,2%	4,0%	6,4%	420
máis de 65 anos	83,5%		7,0%	6,3%	1,9%	1,3%	158
ESTUDIOS							
ningún	100,0%						58
primarios incompletos	85,1%	,8%	5,4%	5,0%	,4%	3,3%	241
primarios completos	67,1%	6,0%	12,7%	4,9%	2,8%	6,4%	283
formación profesional	63,4%	25,6%	7,3%		3,7%		82
bacharelato	43,3%	29,8%	11,2%	5,1%	2,8%	7,9%	178
carreira de grao medio	55,0%	12,6%	12,6%	4,5%	7,2%	8,1%	111
carreira de grao superior	42,0%	23,8%	16,1%	2,1%	4,9%	11,2%	143
outros estudos	60,0%	10,0%	20,0%	5,0%		5,0%	20
CLASE SOCIAL							
baixa	79,2%	6,9%	4,2%	2,8%	2,8%	4,2%	72
media-baixa	76,6%	7,2%	6,9%	3,1%	2,2%	4,0%	321
media	60,5%	15,1%	11,4%	4,7%	2,6%	5,8%	622
media-alta	35,6%	20,8%	19,8%	3,0%	6,9%	13,9%	101
PROFESIÓN							
empresarios	68,2%		11,4%	9,1%	4,5%	6,8%	44
titulación superior ou media	45,8%		31,3%	2,1%	8,3%	12,5%	48
profesionais liberais	40,0%		10,0%	10,0%	10,0%	30,0%	10
docentes	57,4%	1,9%	14,8%	1,9%	7,4%	16,7%	54
forzas armadas	68,4%		15,8%		10,5%	5,3%	19
administración subalternos	58,3%	5,3%	15,2%	6,6%	4,0%	10,6%	151
persoal de servizos	60,0%	16,7%	10,0%	3,3%	1,7%	8,3%	60
autónomos	78,6%	3,6%	8,9%	1,8%	1,8%	5,4%	56
labradores	90,9%			9,1%			11
maríneiros	85,0%	5,0%	10,0%	20			
obreiros	72,4%	6,0%	8,5%	2,5%	5,5%	5,0%	199
estudiantes	39,8%	53,8%	4,8%	,5%		1,1%	186
amas de casa	79,9%	2,0%	8,0%	6,8%		3,2%	249
persoas sen primeiro emprego	33,3%	44,4%	22,2%				9
SEXO							
home	59,9%	13,9%	13,7%	2,1%	4,2%	6,1%	524
muller	67,7%	11,8%	7,4%	5,6%	1,7%	5,7%	592
HÁBITAT DE NACEMENTO							
urbano	46,1%	21,3%	15,0%	6,1%	3,3%	8,1%	540
periurbano	80,0%	6,7%			6,7%	6,7%	15
vilas	78,4%	1,7%	7,8%	3,4%	1,7%	6,9%	116
rural-1	93,5%	4,3%	1,1%		1,1%		92
rural-2	96,2%		2,7%	,4%	,8%		262
nacidos fóra de Galicia	27,5%	23,1%	19,8%	6,6%	8,8%	14,3%	91
HÁBITAT DE RESIDENCIA							
urbano	64,0%	12,8%	10,4%	3,9%	2,9%	6,0%	1102
periurbano	71,4%	14,3%	7,1%	7,1%			14

Táboa 6.3. Ámbitos de aprendizaxe do galego. Santiago

	¿como aprendeu o galego?						N
	familia	escola	amigos	veciño	trabajo	outros	
TOTAL SECTOR	80,1%	6,4%	4,7%	1,6%	2,7%	4,4%	1128
LINGUA INICIAL							
galego	100,0%						598
castelán	42,3%	18,8%	13,2%	4,5%	8,1%	13,2%	357
as dúas	93,2%	3,1%	1,9%	,6%		1,2%	161
outras	41,7%		25,0%	8,3%	16,7%	8,3%	12
IDADE							
16 a 25 anos	69,4%	26,7%	,4%		,4%	3,0%	232
26 a 40 anos	74,4%	2,8%	9,6%	1,9%	6,1%	5,2%	363
41 a 65 anos	87,3%		3,7%	1,8%	1,8%	5,3%	379
máis de 65 anos	92,2%		1,9%	2,6%	,6%	2,6%	154
ESTUDIOS							
ningún	96,8%				1,6%	1,6%	63
primarios incompletos	98,6%			,9%		,5%	221
primarios completos	91,0%	,4%	5,7%	,4%	,8%	1,6%	245
formación profesional	85,5%	6,6%	2,6%	1,3%	1,3%	2,6%	76
bacharelato	70,2%	16,9%	4,5%	1,1%	2,2%	5,1%	178
carreira de grao medio	69,6%	5,2%	5,2%	2,6%	7,0%	10,4%	115
carreira de grao superior	56,6%	13,1%	10,4%	4,1%	6,3%	9,5%	221
outros estudos	77,8%	11,1%	11,1%	9			
CLASE SOCIAL							
baixa	94,5%	1,8%	1,8%	1,8%	55		
media-baixa	85,4%	6,1%	4,9%	1,6%	1,6%	,4%	247
media	80,2%	6,1%	3,9%	1,4%	3,0%	5,3%	693
media-alta	63,9%	11,3%	9,8%	2,3%	4,5%	8,3%	133
PROFESIÓN							
empresarios	93,1%		5,2%		1,7%		58
titulación superior ou media	56,8%	4,1%	12,2%	2,7%	12,2%	12,2%	74
profesionais liberais	68,8%			12,5%	6,3%	12,5%	16
docentes	63,3%	2,2%	10,0%	3,3%	10,0%	11,1%	90
forzas armadas	91,7%					8,3%	12
administración subalternos	79,4%	1,9%	6,5%	,9%	4,7%	6,5%	107
persoal de servizos	73,5%	4,1%	10,2%	2,0%	6,1%	4,1%	49
autónomos	84,6%	1,9%	3,8%	1,9%	1,9%	5,8%	52
labradores	100,0%						53
maríneiros	75,0%		25,0%				4
obreiros	92,4%	,6%	4,5%		1,3%	1,3%	157
estudiantes	65,4%	30,3%	1,6%			2,7%	185
amas de casa	92,4%	,8%	1,6%	2,4%	2,8%		249
persoas sen primeiro emprego	54,5%	13,6%	13,6%	9,1%		9,1%	22
SEXO							
home	80,3%	4,7%	7,0%	1,4%	2,9%	3,7%	513
muller	80,0%	7,8%	2,8%	1,8%	2,6%	5,0%	615
HÁBITAT DE NACEMENTO							
urbano	69,1%	13,6%	7,1%	1,7%	2,7%	5,8%	411
periurbano	99,1%	,5%	,5%				213
vilas	62,9%	10,0%	7,1%	2,9%	1,4%	15,7%	70
rural-1	86,3%	2,7%	1,4%	5,5%	1,4%	2,7%	73
rural-2	95,9%	,7%	1,1%	,7%	,7%	1,5%	270
nacidos fóra de Galicia	47,3%	6,6%	16,5%	2,2%	17,6%	9,9%	91
HÁBITAT DE RESIDENCIA							
urbano	73,8%	8,2%	6,3%	2,1%	3,8%	5,9%	797
periurbano	95,5%	2,1%	,9%	,3%	,3%	,9%	331

Táboa 6.4. Ámbitos de aprendizaxe do galego. Lugo-2

	¿como aprendeu o galego?						N
	familia	escola	amigos	veciño	trabajo	outros	
TOTAL SECTOR	85,9%	4,9%	4,2%	3,0%	,9%	1,2%	1042
LINGUA INICIAL							
galego	99,9%					,1%	732
castelán	37,1%	22,3%	17,8%	13,4%	4,5%	5,0%	202
as dúas	86,3%	4,9%	5,9%	2,9%			102
outras	16,7%	16,7%	33,3%	16,7%		16,7%	6
IDADE							
16 a 25 anos	64,0%	26,7%	6,4%	1,7%	1,2%		172
26 a 40 anos	83,6%	1,3%	8,4%	2,9%	,4%	3,4%	238
41 a 65 anos	91,2%	,5%	2,5%	3,9%	1,2%	,7%	407
máis de 65 anos	95,6%		1,3%	2,2%	,4%	,4%	225
ESTUDIOS							
ningún	96,7%			3,3%			30
primarios incompletos	94,9%	,3%	1,4%	2,3%	1,1%	3,5%	355
primarios completos	88,6%	3,9%	3,9%	2,3%	1,0%	,3%	385
formación profesional	75,0%	11,1%	5,6%	6,9%		1,4%	72
bacharelato	60,0%	20,9%	10,9%	4,5%	1,8%	1,8%	110
carreira de grao medio	76,0%	4,0%	6,0%	6,0%	4,0%	4,0%	50
carreira de grao superior	73,5%	2,9%	14,7%		2,9%	5,9%	34
outros estudos	83,3%	16,7%					6
CLASE SOCIAL							
baixa	93,0%	1,8%	3,5%	1,8%			57
media-baixa	88,9%	3,4%	3,5%	2,7%	,5%	,9%	741
media	76,9%	10,2%	7,1%	2,7%	1,3%	1,8%	225
media-alta	52,6%	10,5%		21,1%	10,5%	5,3%	19
PROFESIÓN							
empresarios	89,6%	1,3%	2,6%	5,2%	1,3%		77
titulación superior ou media	69,2%		15,4%		7,7%	7,7%	13
profesionais liberais	100,0%						2
docentes	74,2%		16,1%		3,2%	6,5%	31
forzas armadas	93,3%		6,7%				15
administración subalternos	79,8%	1,8%	5,5%	3,7%	4,6%	4,6%	109
persoal de servizos	78,3%	8,7%	4,3%	8,7%			23
autónomos	93,0%	1,8%	3,5%	1,8%			57
labradores	100,0%						89
marifeiros	95,7%			4,3%			23
obreiros	90,0%	1,4%	3,6%	3,6%	,7%	,7%	140
estudiantes	59,4%	34,7%	5,9%				101
amas de casa	91,0%	,9%	3,2%	4,1%		,9%	344
persoas sen primeiro emprego	55,6%	27,8%	16,7%				18
SEXO							
home	85,1%	5,2%	4,5%	2,7%	1,2%	1,2%	484
muller	86,6%	4,7%	3,9%	3,2%	,5%	1,1%	558
HÁBITAT DE NACEMENTO							
urbano	76,2%	4,8%	11,9%	4,8%		2,4%	42
periurbano	100,0%						3
vilas	78,9%	7,7%	6,2%	4,1%	1,3%	1,8%	389
rural-1	96,0%	1,0%	3,0%				101
rural-2	97,0%	1,8%	,7%	,5%			439
nacidos fóra de Galicia	44,1%	14,7%	13,2%	16,2%	5,9%	5,9%	68
HÁBITAT DE RESIDENCIA							
vilas	82,5%	5,6%	5,6%	3,9%	1,0%	1,4%	696
rural-2	92,8%	3,5%	1,4%	1,2%	,6%	,6%	346

Táboa 6.5. Ámbitos de aprendizaxe do galego. Lugo-5

	¿como aprendeu o galego?						N
	familia	escola	amigos	veciño	trabajo	outros	
TOTAL SECTOR	95,0%	1,2%	1,1%	1,8%	,6%	,2%	1768
LINGUA INICIAL							
galego	99,9%					,1%	1501
castelán	46,3%	12,5%	13,2%	19,1%	7,4%	1,5%	136
as dúas	92,1%	3,2%	,8%	3,2%		,8%	126
outras	20,0%		20,0%	40,0%	20,0%		5
IDADE							
16 a 25 anos	89,6%	6,6%	2,3%	1,5%			259
26 a 40 anos	91,3%	,9%	2,6%	2,6%	1,7%	,9%	346
41 a 65 anos	97,1%	,1%	,6%	1,5%	,7%		712
máis de 65 anos	97,8%		,2%	1,8%		,2%	451
ESTUDIOS							
ningún	97,7%			1,5%	,8%		133
primarios incompletos	98,7%	,2%	,4%	,6%		,1%	816
primarios completos	96,6%	,4%	,8%	1,3%	,8%		471
formación profesional	90,1%	3,7%	2,5%	3,7%	,8%		81
bacharelato	87,0%	4,5%	3,2%	3,2%	,6%	1,3%	154
carreira de grao medio	79,2%	3,8%	1,9%	15,1%			53
carreira de grao superior	62,0%	10,0%	10,0%	6,0%	10,0%	2,0%	50
outros estudos	100,0%						10
CLASE SOCIAL							
baixa	97,1%			2,2%		,7%	137
media-baixa	96,7%	,8%	,7%	1,3%	,5%	,1%	1058
media	91,6%	2,1%	2,1%	2,7%	1,0%	,4%	514
media-alta	89,8%	3,4%	3,4%	1,7%	1,7%		59
PROFESIÓN							
empresarios	92,6%		2,9%	3,4%	1,1%		175
titulación superior ou media	68,8%	6,3%	6,3%	6,3%	6,3%	6,3%	16
profesionais liberais	30,8%	15,4%	23,1%	30,8%	13		
docentes	82,8%		3,4%	13,8%			29
forzas armadas	90,9%			4,5%	4,5%		22
administración subalternos	94,0%	1,0%	1,0%	2,0%	1,0%	1,0%	100
persoal de servizos	93,3%	2,2%	2,2%	2,2%			45
autónomos	96,6%		2,2%	1,1%			89
labradores	99,6%			,3%	,1%		690
marifeiros	100,0%						11
obreiros	97,6%	,6%		1,2%	,6%		170
estudiantes	82,2%	12,7%	3,4%	1,7%			118
amas de casa	95,8%	,8%	,4%	2,3%		,8%	265
persoas sen primeiro emprego	88,0%		8,0%	4,0%			25
SEXO							
home	95,1%	,8%	1,4%	1,8%	,7%	,2%	872
muller	95,0%	1,6%	,9%	1,8%	,6%	,2%	896
HÁBITAT DE NACEMENTO							
urbano	78,1%	9,4%	6,3%	3,1%	3,1%		32
periurbano	100,0%						8
vilas	79,5%	2,6%	10,3%		5,1%	2,6%	39
rural-1	91,1%	2,9%	1,9%	2,9%	1,0%	,3%	313
rural-2	99,1%	,1%	,2%	,5%		,1%	1292
nacidos fóra de Galicia	59,5%	8,3%	7,1%	17,9%	6,0%	1,2%	84
HÁBITAT DE RESIDENCIA							
rural-1	90,2%	2,4%	2,6%	3,2%	1,1%	,6%	664
rural-2	97,9%	,5%	,3%	1,0%	,4%		1104

Táboa 6.6. Ámbitos de aprendizaxe do galego. Ourense-4

	¿como aprendeu o galego?						N
	familia	escola	amigos	veciño	trabajo	outros	
TOTAL SECTOR	93,2%	2,1%	,8%	2,8%	,7%	,3%	955
LINGUA INICIAL							
galego	100,0%						717
castelán	54,5%	17,8%	5,0%	16,8%	3,0%	3,0%	101
as dúas	97,4%			2,6%			115
outras	27,3%	9,1%	13,6%	31,8%	18,2%		22
IDADE							
16 a 25 anos	88,4%	9,9%	1,2%	,6%			172
26 a 40 anos	88,7%	,9%	2,8%	4,2%	2,4%	,9%	212
41 a 65 anos	95,2%	,3%		3,7%	,5%	,3%	374
máis de 65 anos	98,5%			1,5%			197
ESTUDIOS							
ningún	97,5%			2,5%			122
primarios incompletos	96,7%	,6%	,6%	1,5%	,3%	,3%	337
primarios completos	91,5%	1,6%	1,0%	3,9%	2,0%		305
formación profesional	90,5%	6,3%	1,6%	1,6%			63
bacharelato	87,7%	6,2%		4,6%		1,5%	65
carreira de grao medio	81,8%	6,1%	6,1%	6,1%			33
carreira de grao superior	80,8%	11,5%		3,8%		3,8%	26
outros estudos	100,0%						4
CLASE SOCIAL							
baixa	100,0%						50
media-baixa	94,6%	1,5%	,4%	1,7%	1,3%	,4%	466
media	91,1%	2,9%	1,4%	4,1%	,2%	,2%	418
media-alta	85,7%	4,8%		9,5%			21
PROFESIÓN							
empresarios	97,6%			2,4%			41
titulación superior ou media	85,7%	14,3%	7				
profesionais liberais	66,7%	33,3%	3				
docentes	75,0%	8,3%	16,7%	12			
forzas armadas	50,0%	50,0%	2				
administración subalternos	85,1%	2,1%	2,1%	6,4%	2,1%	2,1%	47
persoal de servizos autónomos	93,8%	6,3%	16				
labradores	92,9%	2,4%	4,8%	42			
labradores	98,1%	,6%	,6%	,6%	160		
obreiros	92,6%	1,5%	1,0%	2,5%	2,5%	202	
estudiantes	87,6%	12,4%	89				
amas de casa	95,2%	,3%	1,0%	3,5%	311		
pers, econacidos non activo	87,0%	13,0%	23				
SEXO							
home	92,5%	2,1%	,9%	2,8%	1,3%	,4%	467
muller	93,9%	2,0%	,8%	2,9%	,2%	,2%	488
HÁBITAT DE NACEMENTO							
urbano	93,0%	2,3%	2,3%	2,3%	43		
periurbano	100,0%	7					
vilas	89,3%	6,5%	,6%	3,0%	,6%	168	
rural-1	99,1%	,9%	116				
rural-2	98,7%	,9%	,4%	544			
nacidos fóra de Galicia	53,2%	3,9%	9,1%	24,7%	6,5%	2,6%	77
HÁBITAT DE RESIDENCIA							
vilas	89,4%	4,2%	1,3%	4,8%	,3%	312	
rural-1	96,6%	,9%	1,7%	,9%	117		
rural-2	94,7%	1,3%	,6%	1,9%	1,1%	,4%	526

Táboa 6.7. Ámbitos de aprendizaxe do galego. Pontevedra

	¿como aprendeu o galego?						N
	familia	escola	amigos	veciño	trabajo	outros	
TOTAL SECTOR	71,8%	11,1%	4,7%	5,9%	2,7%	3,7%	1095
LINGUA INICIAL							
galego	99,6%	,4%	465				
castelán	37,5%	24,4%	10,4%	13,5%	6,0%	8,2%	451
as dúas	88,3%	6,4%	2,3%	,6%	1,2%	1,2%	171
outras	37,5%	12,5%	37,5%	12,5%	8		
IDADE							
16 a 25 anos	50,2%	43,3%	3,2%	2,0%	,4%	,8%	247
26 a 40 anos	69,9%	4,3%	8,4%	5,3%	5,3%	6,8%	322
41 a 65 anos	82,5%	,3%	3,9%	7,2%	2,8%	3,4%	388
máis de 65 anos	84,8%	,7%	10,9%	,7%	2,9%	138	
ESTUDIOS							
ningún	100,0%	23					
primarios incompletos	89,3%	1,6%	2,0%	6,1%	,8%	244	
primarios completos	85,1%	2,0%	3,7%	6,3%	,9%	2,0%	349
formación profesional	65,0%	21,3%	5,0%	1,3%	5,0%	2,5%	80
bacharelato	50,6%	28,8%	5,9%	6,5%	4,7%	3,5%	170
carreira de grao medio	52,2%	16,5%	6,1%	5,2%	7,0%	13,0%	115
carreira de grao superior	44,2%	21,2%	10,6%	8,7%	6,7%	8,7%	104
outros estudos	40,0%	40,0%	10,0%	10,0%	10		
CLASE SOCIAL							
baixa	92,3%	7,7%	13				
media-baixa	82,8%	7,6%	2,7%	4,4%	,9%	1,6%	551
media	60,9%	14,9%	6,4%	7,5%	4,8%	5,4%	517
media-alta	21,4%	21,4%	14,3%	14,3%	28,6%	14	
PROFESIÓN							
empresarios	75,9%	1,9%	7,4%	5,6%	5,6%	3,7%	54
titulación superior ou media	42,9%	7,1%	7,1%	7,1%	16,7%	19,0%	42
profesionais liberais	30,8%	7,7%	23,1%	23,1%	15,4%	13	
docentes	58,7%	9,5%	3,2%	9,5%	6,3%	12,7%	63
forzas armadas	62,5%	6,3%	18,8%	6,3%	6,3%	16	
administración subalternos	66,3%	4,8%	9,6%	5,8%	7,7%	5,8%	104
persoal de servizos autónomos	80,6%	2,8%	5,6%	8,3%	2,8%	36	
labradores	87,1%	1,6%	1,6%	3,2%	3,2%	3,2%	62
labradores	100,0%	60					
marifeiros	93,8%	6,3%	16				
obreiros	84,8%	3,7%	4,6%	2,8%	1,4%	2,8%	217
estudiantes	44,2%	50,3%	3,0%	1,8%	,6%	165	
amas de casa	79,4%	3,4%	3,9%	11,2%	2,1%	233	
pers, econacidos non activo	50,0%	35,7%	7,1%	7,1%	14		
SEXO							
home	73,5%	9,0%	6,2%	4,2%	3,8%	3,2%	498
muller	70,4%	12,9%	3,4%	7,4%	1,8%	4,2%	597
HÁBITAT DE NACEMENTO							
urbano	46,1%	26,4%	8,1%	7,8%	4,6%	7,0%	345
periurbano	91,4%	2,7%	1,2%	3,7%	,2%	,7%	408
vilas	74,7%	4,4%	11,0%	7,7%	1,1%	1,1%	91
rural-1	82,5%	5,3%	1,8%	1,8%	1,8%	7,0%	57
rural-2	93,5%	4,1%	2,4%	123			
nacidos fóra de Galicia	33,8%	11,3%	9,9%	16,9%	15,5%	12,7%	71
HÁBITAT DE RESIDENCIA							
urbano	57,7%	16,4%	6,6%	8,0%	4,9%	6,4%	513
periurbano	84,2%	6,5%	2,9%	4,1%	,9%	1,4%	582